

Programación Didáctica Educación Musical

CEIP CAMPOMAIOR

Noa Picos Peliquín

Curso 2021/2022



<i>Programación Didáctica Educación Musical</i>	1
1. INTRODUCCIÓN	3
2. MARCO LEGAL	5
3. CONTEXTO DO CENTRO ESCOLAR	6
4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA ÁS COMPETENCIAS CLAVE	7
5. FINALIDADE E OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA	9
6. CONTIDOS	11
7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA	27
8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	29
9. AVALIACIÓN	30
10. PLANS E PROXECTOS	47

1. INTRODUCCIÓN

“A música é a verdadeira linguaxe universal”.

A programación didáctica é un documento de planificación que se realiza no comezo dun curso escolar e no que, logo dunha reflexión sobre o proceso educativo que se levará a cabo co alumnado e que posteriormente se porá en práctica, o persoal docente formaliza e define uns obxectivos, os contidos a impartir, os criterios de avaliación que permitirán a valoración obxectiva das aprendizaxes, a especificación precisa dos criterios en diferentes estándares de aprendizaxe avaliados para cada criterio, a metodoloxía didáctica a utilizar e as competencias a desenvolver.

Na seguinte programación expóñense algunhas das posibilidades educativas da música, dende un punto de vista interdisciplinario, comunicativo, afectivo, social e integrador. Está deseñada para tódolos cursos de Educación Primaria. O contido da programación favorece o desenvolvemento cognitivo, proporcionando ferramentas de análise e crítica sobre a música, as súas funcións e características. A programación que se presenta posúe un carácter aberto e flexible, con posibilidade de ser modificada en función das necesidades que poidan xurdir.

1.1.- ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19.

Recursos, metodoloxía, avaliación/calificación, no caso de ensino non presencial e semipresencial.

Terase en conta o plan de adaptación COVID do centro, no que se recollen as seguintes medidas:

-En Educación Infantil e en Educación primaria, a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia.

-A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula.

-O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersoal.

-O alumnado de primaria e o profesorado, así como o restante persoal do centro, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.

-Na aula de música, ao ser un espazo de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e desinfección de cadeiras e pupitres.

Dependendo da situación epidemiolóxica adaptarase o modelo de ensinanz, pasando ás clases telemáticas cando a situación así o requira. Na materia de música a adaptación consistirá en:

-Utilizar a aula virtual do centro como plataforma virtual común.

-Usar a plataforma Webex (aplicación da Xunta de Galicia) para impartir clases telemáticas e videoconferencias no caso de ser necesario.

As actividades complementarias e extraescolares propostas nesta programación, sobre todo as que requiran asistencia presencial, poderían anularse ou quedar pendentes de realización á espera da evolución epidemiolóxica.

Respecto á avaliación/cualificación para valorar a adquisición de competencias clave e a aprendizaxe dos contidos máis sobranceiros da presente materia, no caso de ensino non presencial, empregaranse distintos procedementos/instrumentos obedecendo sempre a criterios obxectivos a través dos seguintes procedementos de avaliación:

-Asistencia ás clases por videoconferencia e actitude amosada nelas (interese, atención e participación, chamadas, uso de recursos e material axeitado, puntualidade na entrega e cumprimento das normas de asistencia ás clases virtuais.

-Realización do traballo proposto: esforzo, empeño ou constancia do mesmo.

-Entrega puntual das tarefas ou vídeos en prazo (o profesor da materia comunicará ao titor o retraso, que será estudado en cada caso), a calidade das mesmas, así como o cumprimento das indicacións dadas polo profesorado da materia respecto do seu contido, presentación, formato...

-No seu caso, a entrega de traballos en prazo (os retrasos tamén serán comunicados e estudados caso por caso) e o seu grao de cumprimento seguindo as pautas esixidas polo profesorado da materia (esixirase orixinalidade da autoría, polo que os traballos que resulten copias procedentes de calquera fonte quedarán con valoración nula).

-Resultado da elaboración de cuestionarios/probas realizadas.

Instrumentos de avaliación: realizaranse actividades diversas en función dos bloques de contidos da programación, incluíndo tarefas específicas de reforzo/repaso, orientadas á recuperación dos que o alumnado non fora adquirindo no seu momento, co obxectivo da adquisición de competencias clave e dos contidos máis sobranceiros).

A cualificación final na convocatoria ordinaria terá en conta a nota media das cualificacións dos tres trimestres podendo verse incrementada dependendo das tarefas/traballos realizados no período de docencia non presencial.

2. MARCO LEGAL

-Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)(BOE do 10 de decembro de 2013), que modifica e complementa a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) (BOE do 4 de maio de 2006).

-Recomendación [2006/962/CE](#) do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente (Diario Oficial L 394 do 30 de decembro de 2006).

-Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. (BOE do 29 de xaneiro de 2015).

-Real Decreto 126/2014 polo que se establece o currículo básico de Educación Primaria(BOE do 1 de marzo de 2014).

-Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014).

-Corrección de erros (DOG do 10 de setembro de 2014).

-Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 10 de xuño de 2016). Corrección de erros (DOG do 17 de xuño de 2016).

3. CONTEXTO DO CENTRO ESCOLAR

O CEIP Campomaior é un centro de dobre liña que escolariza alumnado de Educación infantil e Primaria. A organización e funcionamento do centro axústase ao disposto no D. 374/1996 e na O. do 22 xullo de 1997.

Está situado nun entorno urbano e pertence ao concello de Ordes (A Coruña). O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio / medio-baixo, e nel predominan os pais/nais con estudos básicos.

Relacionado especificamente coa Educación Musical, a localidade conta cunha casa da cultura, unha de música tradicional e unha escola municipal de música. Estas institucións adoitan desenvolver actividades musicais nas que participan unha parte do alumnado.

3.1. ALUMNADO

Esta programación está deseñada para o alumnado de Educación Primaria, que se especifica na seguinte táboa:

	Grupo A	Grupo B
1º Primaria	19	19
2º Primaria	25	25
3º Primaria	19	19
4º Primaria	18	18
5º Primaria	22	23
6º Primaria	20	19

4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE MÚSICA ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o Artigo 4 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, as competencias son “as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”. En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, neste decreto incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Na normativa establécense as seguintes competencias clave:

Competencias Clave
Comunicación Lingüística
Competencia Matemática e Competencias básicas en ciencia e Tecnoloxía
Competencia Dixital
Aprender a Aprender
Competencias Sociais e Cívicas
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
Conciencia e expresións culturais

A Educación Musical contribúe da seguinte maneira ao desenvolvemento de ditas competencias:

Comunicación lingüística: Fai uso das linguaxes verbais e non verbais, desenvolve a atención, a audición e a visión interior, a memoria musical e fotográfica e a conciencia comunicativa. Contribúe á riqueza dos intercambios comunicativos e das normas que os rexen, fomenta a adquisición de vocabulario e a comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e vivencias. Axuda a desenvolver capacidades relacionadas coa fala (respiración, dicción, articulación, fraseo) e fomenta a creatividade a través da linguaxe,

mediante cancións ou sinxelas dramatizacións.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: Ofrece ferramentas para a resolución de problemas cotiáns de índole musical utilizando tanto o pensamento matemático como o pensamento lóxico co uso de harmonías, tempos e ritmos. Os procesos de ordenación, secuenciación, seriación, estruturación, repetición e alternancia, proporcionalidade e numeración implícitos na maioría das actividades musicais teñen un compoñente fundamental nesta área.

Competencia dixital: A Educación Musical fai uso das TIC como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e a creación de producións artísticas. Será imprescindible o coñecemento e dominio de programas básicos, sen esquecer que a obtención e o emprego de produtos musicais ten que cumprir uns requisitos legais en relación á distribución e dereitos de autor.

Aprender a aprender: A música proporciona protocolos de indagación e planificación de procesos susceptibles de ser utilizados noutras aprendizaxes. Favorece que o alumnado amplíe de forma progresiva o seu saber facer dende a reflexión práctica, a tolerancia á frustración, a valoración das dificultades e erros como claves para o avance, a satisfacción cos propios logros, o interese pola procura de solucións versátiles e orixinais e a capacidade para autoavaliarse e cooperar. Tales procesos dinamizan eficazmente os procedementos de sensibilización, indagación, creación, comunicación e retroalimentación imprescindibles para aprender a aprender. Aprender a tocar un instrumento ou ensaiar unha obra axudan a exercitar a memoria, o razoamento, distribución do tempo e o pensamento abstracto e aumenta a capacidade de concentración e a expresión oral.

Competencias sociais e cívicas: A Educación Musical favorece a participación en experiencias musicais colectivas como forma de expresar ideas propias, valorar as demais e coordinar accións propias e alleas. O ámbito social supón a comprensión da evolución social e cultural da humanidade, aproximando ao alumnado a outras formas de expresión, valorando a diversidade que nos enriquece ao fomentar unha actitude aberta, integradora e respectuosa ante outras manifestacións artísticas diferentes ás nosas. O benestar persoal e colectivo, a saúde física e mental favorécese nesta competencia mostrando unha actitude crítica fronte á contaminación sonora e o uso indiscriminado da música; por outra banda, no emprego correcto da voz e do aparello respiratorio para conseguir resultados

musicais óptimos e prevención de problemas de saúde.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: A actividade creadora potencia a capacidade para indagar, experimentar, imaxinar, prever, planificar e realizar as súas propias producións. A creatividade esixe actuar con autonomía, pór en marcha iniciativas, manexar posibilidades e solucións diversas. O proceso contribúe, xunto coa orixinalidade, á procura de formas innovadoras e xera flexibilidade, pois ante un mesmo suposto poden darse diferentes respostas. Fundamental a aportación desta área na competencia co traballo en equipo e a habilidade para a planificación e xestión de proxectos porque fomenta o desenvolvemento de capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima axudarán en todo o desenvolvemento.

Conciencia e expresións culturais: A Educación Musical permite o coñecemento de diferentes códigos e posibilita a utilización das técnicas e os recursos que lles son propios para expresar ideas, experiencias ou sentimentos dunha forma creativa, especialmente na interpretación, a creación e a composición, de forma individual e colectiva. Contribúe a que o alumnado se achegue a diversas manifestacións culturais, dotándoo dos instrumentos para comprendelas, valoralas e para formular opinións con espírito crítico. Ao tempo poderá, con estes criterios válidos, ampliar as súas posibilidades de ocio. Contribúe á adquisición de habilidades para a comprensión do feito musical entendido como fonte de pracer e enriquecemento persoal así como poder elaborar unha obra musical.

5. FINALIDADE E OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

6. CONTIDOS

6.1 CONTIDOS DA ÁREA DE EDUCACIÓN MUSICAL

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle que os contidos son “o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado”. Establécense tres bloques de contidos na área de Educación Musical:

Bloque 1. A escoita. Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.

Bloque 2. A interpretación musical. O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza. Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

6.2 CONTIDOS DE PRIMEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Bloque 1. A Escoita.

- B1.1.** Calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.
- B1.2.** Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.
- B1.3.** Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.
- B1.4.** Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva.
- B1.5.** Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas e masculinas.
- B1.6.** Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.
- B1.7.** Audición de pezas vocais e instrumentais.
- B1.8.** Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves.
- B1.9.** Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que se desenvolve nelas (dirección, instrumentista e público).
- B1.10.** Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.
- B1.11.** Elementos da música: tempo e dinámica.
- B1.12.** Distinción e representación corporal ou gráfica de elementos do escoitado.
- B1.13.** Forma musical: repetición e contraste. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.

Bloque 2. A interpretación musical

- B2.1.** Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos
- B2.2.** Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.
- B2.3.** Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.
- B2.4.** Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.
- B2.5.** Imitación de fórmulas rítmicas e melódicas.
- B2.6.** Lectura e interpretación de partituras breves e sinxelas con graffías non convencionais, e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.
- B2.7.** Iniciación á notación musical e ás graffías non convencionais como medio de representación da música: pentagrama, clave de sol, colocación das notas no pentagrama, figuras brancas, negras e silencio de negra.
- B2.8.** Utilización da percusión corporal e dos instrumentos de pequena percusión como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.
- B2.9.** Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.
- B2.10.** Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.

Bloque 3. A música, o movemente e a danza.

B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemente: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.

B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.

B3.3. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.

6.3. CONTIDOS DE SEGUNDO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Bloque 1. A Escoita.

B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade.

B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social.

B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.

B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.

B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.

B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado.

B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais.

B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes.

B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego.

B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público).

B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.

B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais.

B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter.

B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada.

B1.15. Forma musical: repetición e contraste.

B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras.

B1.17. Pulso e acento. Compás binario.

B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión.

Bloque 2. A interpretación musical.

B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.

B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián.

B2.3. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.

B2.4. Imitación de fórmulas melódicas.

B2.5. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono.

B2.6. Imitación de fórmulas rítmicas.

B2.7. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional.

B2.8. Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama.

B2.9. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas.

B2.10. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais.

B2.11. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes.

B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo.

B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas.

B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega.

B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros.

6.4. CONTIDOS DE TERCEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Bloque 1. A escoita.
B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.
B1.2. Asistencia a algunha representación musical.
B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
B1.4. Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.
B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.
B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
B1.7. Acento e pulso.
B1.8. Elementos musicais. Tempo e matices: forte, piano e mezzoforte.
B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro).
B1.10. Compases binarios e ternarios.
B1.11. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.
Bloque 2. A interpretación musical.
B2.1. Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías.
B2.2. Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.

B2.3. Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración.

B2.4. Dobre barra e DC.

B2.5. Ditados rítmicos con grafías de negra, branca e corchea, e os seus silencios.

B2.6. Ditados melódicos sinxelos.

B2.7. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.

B2.8. Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.

B2.9. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.

B2.10. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

B2.11. Construción dun instrumento.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.

B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.

B3.4. Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

6.5. CONTIDOS DE CUARTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Bloque 1. A Escoita.

- B1.1.** Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.
- B1.2.** Asistencia a representacións musicais e comentario posterior.
- B1.3.** Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.
- B1.4.** Audición e análise de obras musicais de distintas características e procedencias.
- B1.5.** Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.
- B1.6.** Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.
- B1.7.** Acento e pulso.
- B1.8.** Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).
- B1.9.** Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e instrumentais (dúo, trío, cuarteto, orquestra e banda).
- B1.10.** Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.
- B1.11.** Instrumentos: clasificación tradicional (vento, vento-madeira, vento-metal, corda, e percusión).
- B1.12.** Instrumentos da orquestra: achegamento á súa colocación.
- B1.13.** Instrumentos da cultura galega e doutras culturas.
- B1.14.** Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.

B1.15. Uso de aplicacións informáticas educativas sinxelas para a análise e a produción musical.

Bloque 2. A interpretación musical.

B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento.

B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas.

B2.3. Rexistro gravado da interpretación feita e posterior análise e comentario.

B2.4. Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación: simultaneidade, sucesión e alternancia.

B2.5. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea e os seus silencios en compases binarios.

B2.6. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.

B2.7. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais.

B2.8. Creación de melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.

B2.9. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.

B2.10. Sonorización de imaxes, vídeos ou representacións dramáticas usando distintos materiais instrumentais e dispositivos electrónicos.

B2.11. Invención e construción dun instrumento.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.

B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.

B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

6.6. *CONTIDOS DE QUINTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA*

Bloque 1. A Escoita.

B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado.

B1.2. Asistencia a representacións musicais.

B1.3. Recoñecemento de calidades dos sons: intensidade, duración, altura e timbre.

B1.4. Acento e pulso.

B1.5. Elementos musicais: indicacións de tempo e matices (fortísimo, forte, piano e mezzoforte; dinámica e reguladores).

B1.6. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así como as posibles agrupacións vocais e corais.

B1.7. Compases de 2/4, 3/4 e 4/4.

B1.8. Elaboración dun proxecto de difusión da cultura musical.

B1.9. Instrumentos: clasificación técnica segundo a produción do son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).

B1.10. Agrupacións instrumentais (orquestra, banda, tuna etc.).

B1.11. Instrumentos doutras culturas.

B1.12. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias, ternarias e rondó.

B1.13. Melodías con cambios de compás.

B1.14. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras.

B1.15. Investigación de campo sobre a música do seu concello en relación coa maneira de vivir dos seus devanceiros e das súas devanceiras.

Bloque 2. A interpretación musical.

B2.1. Reprodución de pezas instrumentais e cancións sinxelas ao unísono e canons, de maneira colectiva, con ou sen acompañamento.

B2.2. Uso dos instrumentos de placas Orff e/ou percusión determinada ou indeterminada en acompañamentos de cancións e melodías relacionadas coa cultura galega e con outras culturas.

B2.3. Gravación e rexistro da interpretación.

B2.4. Ditados rítmicos con figuras de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios en compases binarios, ternarios e cuaternarios.

B2.5. Ditados melódico-rítmicos sinxelos.

B2.6. Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos de melodías dadas.

B2.7. Proxecto: concerto ou musical.

B2.8. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.

B2.9. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.

B2.10. Invención e construción dun instrumento.

B2.11. Exploración da morfoloxía de diferentes instrumentos musicais amosando interese polo seu coidado.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.

B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.

B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva.

B3.4. Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

B3.5. Proxecto: concerto ou musical.

6.7. CONTIDOS DE SEXTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Bloque 1. A escoita.

B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.

B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.

B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.

B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.

B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.

B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas.

B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais.

B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados.

Bloque 2. A interpretación musical.

B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.

B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula.

B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.

B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.

B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.

B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.

B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.

B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.

B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.

B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.

B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e vídeo anuncios.

B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza.

B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás.

B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural.

B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.

B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.

B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise

6.8 ELEMENTOS TRANSVERSAIS E EDUCACIÓN EN VALORES

6.8.1 Contribución da educación musical á transversalidade

A área de Educación Musical ocupa un lugar privilexiado para a transversalidade, para a conexión natural con outras áreas do currículo. En cumprimento do Artigo 11 do antedito *Decreto 105/2014, do 4 de setembro*, en todas as disciplinas se deberán traballar:

- Comprensión lectora(información diversa).
- Expresión oral e escrita (cantos, letras de cancións, fichas de instrumentos, etc...).
- Comunicación audiovisual (linguaxe musical non convencional).
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación (procura de información na internet, selección e utilización da información en producións propias).
- Emprendemento (sentido da iniciativa para realizar unha tarefa ou colaborar durante o desenvolvemento dunha unidade didáctica).
- Educación cívica e constitucional (valoración da música intercultural).
- Calidade, equidade e inclusión educativa (igualdade de oportunidades e desenvolvemento de metodoloxías inclusivas).
- Valores (especificado no punto 6.8.2).
- Desenvolvemento sostible e medio ambiente (construción de instrumentos musicais con materiais reciclados).
- Prevención do mal uso das TIC (uso axeitado de internet).
- Actividade física (mediante a danza e a percusión corporal).
- Traballo en equipo, autonomía, confianza nun mesmo e sentido crítico.

6.8.2 Contribución da educación musical á educación en valores

A Educación Musical favorece: as relacións persoais en canto á valoración positiva das diferenzas culturais, a tolerancia, o respecto persoal, o recoñecemento dos dereitos dos demais, a comunicación, os valores sociais, cívicos e solidarios (a cidadanía e os deberes sociais), o desenvolvemento persoal mediante o fomento da autoestima, da responsabilidade, da resistencia ao fracaso, da motivación, da autenticidade, da afectividade, da amizade, da solidariedade, da xenerosidade, do agradecemento, das relacións interxeracionais, do sentido de pertenza a unha comunidade, do interese polo contorno, etc...

7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

7.1 DEFINICIÓN

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, define a metodoloxía didáctica como “o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados”.

7.2. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS XERAIS E ESPECÍFICAS DA ÁREA

- **Principios metodolóxicos xerais**

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, insiste na atención á diversidade e no uso dunha metodoloxía “comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave”, e integradora de elementos do currículo en conexión co contexto real do alumnado.

- **Principios metodolóxicos da área de Educación Musical**

A música está presente nas nosas vidas e forma parte do desenvolvemento artístico do alumnado de primaria. O propósito principal será o de favorecer a percepción e expresión musical, mediante actividades de escoita, de interpretación e de creación musical. As sesións serán o máis participativas posible de forma de que o alumnado poida continuar a súa aprendizaxe da forma máis dinámica posible.

Darase gran importancia á experimentación e tentarase despertar o interese pola música

en xeral, en especial por sexa polo canto, a interpretación instrumental, o coñecemento do patrimonio musical e a danza.

Exporanse diferentes tipos de actividades, o máis variadas posible, para permitir que todo o alumnado poida gozar e avanzar no seu desenvolvemento persoal a través da música. Nas actividades de percepción, realizaranse audicións de pezas musicais de diversas culturas e épocas, escoitaranse instrumentos musicais presentes na aula e fóra dela a través desoportos dixitais. A interpretación e a expresión musical basearanse na exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo, obxectos, e algúns instrumentos. A partir do Segundo Ciclo o alumnado interpretará pezas de progresiva dificultade coa frauta doce.

Realizaranse tamén actividades relacionadas co movemento e a danza, memorizando secuencias de movementos e preparando coreografías para pezas breves. Finalmente introducirase progresivamente a notación musical como unha primeira aproximación a outro xeito de comunicarse.

Actividade e experimentación, participación, motivación, personalización, inclusión, interacción, significatividade, funcionalidade, globalización, etc... que requirirán do uso de modelos metodolóxicos: discursivo/expositivo, experimental, obradoiros, aprendizaxe cooperativa, traballo por tarefas, traballo por proxectos, etc...

7.3. ROL DO DOCENTE

De acordo ao establecido no *Artigo 93da* LOMCE sobre as funcións do profesorado, como mestre de Educación Musical realizarei:

- A programación da materia deseñando as unidades didácticas.
- A dirección, orientación e avaliación dos procesos de ensinanza.
- A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, motriz, moral e social.
- A promoción, organización e participación de actividades complementarias dentro ou fóra do centro: actuacións nos auditorios respectivos.
- O desenvolvemento de actividades do centro nun clima de respecto, tolerancia,

participación e liberdade para fomentar os valores da cidadanía democrática.

7.4. TAREFAS E TIPOS DE ACTIVIDADES

Tarefas variadas: audicións, análises, interpretacións, gravacións, uso das TIC, lectura e interpretación de musicogramas, danzas, creacións, etc...

7.5. TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As tarefas serán realizadas de maneira individualizada, en agrupamentos flexibles e con posibles colaboracións externas ao centro.

7.6. ORGANIZACIÓN ESPACIAL

A actividade docente desenvolverase en espazos do centro (aula de música, ximnasio e aula), establecendo diferentes reorganizacións espaciais en función das necesidades.

7.8. ORGANIZACIÓN TEMPORAL

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, establece unha sesión semanal de Educación Musical que, no caso desta programación, se desenvolverá segundo o horario previsto polo centro.

7.9. RECURSOS

Materiais: Ademais do mobiliario ordinario da aula, un teclado electrónico, un xogo de instrumentación Orff, instrumentos de percusión indeterminada, unha guitarra, ordenador e proxector.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo cal se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 21 de decembro de 2011).

8.1 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO GRUPO

Establécense dous tipos de medidas de atención á diversidade:

Ordinarias: Reforzo educativo por parte da mestra de música ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Extraordinarias: Coordinación con profesorado especialista de PT, AL e orientadora.

8.2. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Un alumno de segundo de Educación Primaria con Adaptación Curricular.

9. AVALIACIÓN

